

COUSAS

CERTAME ARTÍSTICO

IES FÉLIX MURIEL - RIANXO

BASES

01 – OUTUBRO - 2024

Castelao foi un creador que deixou a súa pegada persoal en moitos ámbitos; mais seguramente foi a narrativa o xénero no que a súa orixinalidade ficou máis explícita coa invención das “cousas”. En 1924 comezou a publicar *Cousas da vida* nas portadas de *Galicia* e *Faro de Vigo*.

Tratábase dunha serie de debuxos cun breve texto ao pé. Posteriormente, ese texto foi medrando até se converter nun microrrelato ou nun relato curto que unhas veces acentuaba os elementos dramáticos e outras veces o lirismo. O rianxeiro deu á prensa da época esas breves narracións híbridas que ilustrou cun debuxo e que, en 1926 e 1929 publicou no libro *Cousas*. As “cousas” permitíronlle a Castelao retratar as condicións socioeconómicas do pobo galego e denunciar a realidade dos máis marxinados, acompañándose do humorismo que oculta unha gran dor. A obra tal e como hoxe a coñecemos é unha reedición da recompilación das 44 cousas publicadas pola editorial Nós en 1934.

O IES Félix Muriel de Rianxo quere homenaxear a figura deste humanista entregado á causa galega e escolleu este orixinal xénero seu para crear un certame artístico, que necesariamente ha de ser literario mais tamén plástico, pois así son as “cousas”.

O Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega e o Equipo da Biblioteca serán os encargados de difundir o certame, ademais de buscar persoas ou entidades dispostas a soste economicamente os seus premios.

O Departamento de Lingua Galega ocuparase de levar ás aulas o estímulo necesario para que o alumnado se sinta motivado a participar no certame, aplicando a educación literaria á propia vida e propiciando unha aprendizaxe significativa da literatura galega.

O grupo de traballo formado por alumnado de 2º de Bacharelato e exalumnas e exalumnos do centro é o responsable das bases, deseño e dinamización do certame.



CamScanner

PARTICIPACIÓN

Poderán participar as alumnas e os alumnos de ESO,

Bacharelato e Formación Profesional, que estean a estudar en Galiza e non teñan cumpridos os 19 anos o 30 de xaneiro de 2025.

PREMIOS

Concederanse tres premios: un primeiro premio de 300€, un segundo premio de 200€ e un terceiro premio de 100€. Segundo a calidade das obras, se o xurado o considerase oportuno, os premios poden quedar desertos ou, pola contra, poderán concederse accésits. Entregarase ademais un diploma conmemorativo do evento.

XURADO

Estará constituído por catro persoas con recoñecemento profesional no ámbito das artes plásticas, da creación literaria, da docencia e/ou do ámbito xornalístico, en equilibrada proporción de xénero ou propiciando unha maior presenza de mulleres.

PRESENTACIÓN

O certame conta cunha única modalidade: a "*cousa*". É dicir, un xénero narrativo híbrido, a medio camiño entre o relato curto e o microrrelato, con elementos dramáticos e líricos, acompañado de deseño artístico. As imaxes poden ser debuxos, fotografías, *collages*..., poden imitar ou non o estilo de Castelao, pero deberán ser orixinais. Os textos tamén serán orixinais e escritos en lingua galega. Contarán cun mínimo de 100 palabras e un máximo de 500. Nos textos non debe haber nada que identifique a autora ou ao autor da creación.

As creacións poderán presentarse de dous xeitos, á escolla de cada autora ou autor:

- o en soporte dixital:
 - o Enviarase o traballo de creación nun arquivo PDF, nomeado co título da "cousa" que presenta, a través dun correo electrónico que non permita a identificación da persoa autora.
 - Enviarase o traballo de creación do seguinte xeito: iniciarse cun título ao que seguirá o texto; que debe vir editado en fonte de letra Arial, tamaño de letra 12, espazo entre liñas 1,5. Despois seguirá o debuxo ou ilustración, que virá escaneada ou fotografada acompañando o texto.
 - Enviarase, xunto co traballo de creación, noutro arquivo adxunto, un documento cos datos da persoa autora: nome e apelidos, idade, enderezo electrónico, número de teléfono, nivel educativo que está a cursar, centro educativo en que está a estudar, localidade á que pertence, persoa docente responsable de que se presente ao certame e carimbo do instituto. Este documento será nomeado co título da "cousa" que se presenta e a palabra "datos".
 - Enviaranse os dous arquivos adxuntos ao correo **certamecousas@gmail.com** sinalando no asunto: Certame "Cousas".
- o en soporte papel:
 - Enviaranse 5 fotocopias do traballo de creación (non se admitirán textos escritos a man) e un documento cos datos da persoa autora (sinalados antes).
 - Enviaranse ao enderezo do instituto (**Rúa María Ana Mogas, 1 C.P.:15920 Rianxo**)

PRAZO DE PRESENTACIÓN: Até o día 30 de XANEIRO de 2025 (ás 23:59h.)

FALLO: Día DO LIBRO (farase público o 23 de abril de 2024 na web do instituto)

Entrega de premios: 17 DE MAIO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS



CamScanner